

NORMAS E MEDIDAS NO SERVIZO DE CONCILIAVERÁN

1/ NORMAS ESPECIAIS

- Os participantes deben ter ausencia de sintomatoloxía compatible co COVID-19 (febre, tos, dificultade respiratoria, malestar, diarrea...), ou calquera outro cadro infeccioso.
- En caso de que durante a participación nas actividades se detecte algún destes síntomas, o menor será apartado do resto do grupo e chamarase ós pais ou titores para que acudan a recollelo á maior brevidade posible.
- Se algún participante presenta síntomas compatibles co COVID-19 nalgunha das ludotecas, a mesma será pechada durante o que resta de quincena. O resto de usuarios non poderán acudir a outra ludoteca ata pasar a cuarentena.
- A entrada e saída farase dun xeito escalonado por franxas horarias e grupos de idade. (Antes do inicio do servizo publicarase a listaxe das entradas e saídas e horarios de cada centro, entrando máis cedo os maiores e máis tarde os pequenos). En caso de irmáns de diferentes idades, a familia escollerá o horario que máis se adapte ás súas necesidades tendo que ser sempre a mesma franxa horaria.

2/ MEDIDAS A IMPLEMENTAR

PERSOAL:

- Tomarase a temperatura ós traballadores ó inicio e remate da xornada.
- O persoal contará e usará máscaras de protección nos momentos de recollida e entrega dos usuarios e para a realización de actividades en espazos pechados.
- Contarase con xeles hixienizantes de mans nas entradas das ludotecas e nos espazos comúns.

HIXIENE:

- Faranse 3 limpeza diarias dos aseos utilizados polos participantes.
- Desinfección química por parte dunha empresa especializada entre quincenas.
- Limpeza diaria desinfectante dos espazos e do material utilizado na realización das actividades.

PARA OS USUARIOS:

- Os participantes deben ter ausencia de sintomatoloxía compatible co COVID-19 (febre, tos, dificultade respiratoria, malestar, diarrea...), ou calquera outro cadro infeccioso.

- En caso de que durante a participación nas actividades se detecte algún destes síntomas, o menor será apartado do resto do grupo e chamarase ós pais ou titores para que acudan a recollelo á maior brevidade posible.
- **Os menores deberán acudir ás actividades de conciliación con máscara de protección.**